



Faustino Gándara Martínez, membro da Executiva do SLG e produtor de leite

Faustino Gándara traballa na súa explotación láctea con 25 vacas producindo na aldea de Sendón, parroquia de A O, en Muxía. Complementa os seus ingresos coa venda de madeira e, ata antes da crise das vacas tolas, tamén obtiña algúns cartos con becerros para carne. Aos seus 44 anos de idade, leva máis de media vida de militancia no Sindicato Labrego Galego e agora forma parte da súa Executiva. Co domicilio moi preto da zona cero tralo naufraxio do Prestige, Faustino contounos, dous anos despois, de que xeito afectou a catástrofe na agricultura e gandería locais.

“Máis que axudas, necesitamos un prezo digno polo noso produto e traballo”

■ Parece que ultimamente a conxuntura está un pouco máis calma no sector lácteo. ¿Melloraron os prezos?

Os prezos subiron agora un pouquiño, algo máis de cincuenta pesetas por litro, que a pouco chegan, sobre todo se temos en conta o que nos aumentaron os custes de produción con factores como a suba do gasóleo ou o mantemento da maquinaria agrícola.

■ Daquela, ¿cre que debería pagarse máis polo leite?

Por suposto que si. Nós o que necesitamos é un prezo digno polo noso produto e polo noso traballo, máis que axudas.

■ E a venda de carne non está mellor.

Agora mesmo xa non vendo becerros para carne. Estanos pagando a 600 e 650 pesetas por quilo, e mesmo baixaron a 500 pesetas. Antes da crise das vacas tolas aínda podías sacar 30.000 pesetas por un xato, pero agora non che dan nin para cubrir os custes de produción; nin sequera paga a pena chamar ao veterinario se enferman; nese caso, deixáanse morrer. Nesta situación, só producimos carne para autoconsumo.

■ ¿Como lle afectaron a nivel persoal na súa explotación as diversas crises de prezos no leite?

Hai explotacións que teñen máis problemas cá nosa. Nós temos as vacas en réxime de pastoreo, polo que non nos metimos en grandes investimentos e seguimos tendo as mesmas cortes de hai máis de trinta anos, que utilizamos só para gardar ao gando de noite e para muxir. Tampouco gastamos en pensos pois, pois a parte dos pastos naturais, as nosas vacas aliméntanse dunha mestura de millo, semente de algodón e remolacha.

Outras explotacións, que necesitan hipotecarse para construír grandes instalacións ou para ampliar a cota, están na obriga de res-



Faustino apostou por un rexime extensivo para producir leite, con dúas vacas por hectárea

ponder aos préstamos e mesmo asumir grandes gastos en insumos coma pensos, polo que o teñen moito máis difícil.

■ ¿Notouse moito nos últimos tempos a suba do

gasóleo na economía das explotacións?

Nunhas máis ca noutras. Nós, como temos as fincas preto, non o sentimos tanto. Dende logo, nótase moitísimo máis que che baixen

medio céntimo no litro de leite que a suba experimentada polo gasóleo xa que, precisamente, o valor do que producimos debería cubrir os custes de produción, e moitas veces non chega a

facelo. De todos xeitos, si que coñezo a veciños que teñen as fincas lonxe da explotación e estalles repercutindo moi negativamente a alza dos carburantes.

■ ¿Que lle pediría ao novo Conselleiro para este sector?

Eu pediríalle que solucionase dunha vez por todas o problema dos prezos, que negociase coas industrias e os sindicatos agrarios e fíxese por establecer un prezo mínimo digno do que non se puidese baixar, que non nos tivese afundidos nesta incerteza de non saber o que imos cobrar a fin de mes.

■ ¿Pensa que será mellor que Diz Guedes?

Mellor non o sei pero, dende logo, peor non pode ser, é moi difícil. Diz Guedes, xa cando era Delegado do Goberno, demostrou ser un auténtico *facha* coa tremenda represión que fixo das tractoradas.

■ Non garda un bo recordo do ex Conselleiro...

O certo é que non. Eu tamén tiven que ir ao xuízo polas multas da tractorada. A min salvoume o bo trato que nos deu nesta zona a Guardia Civil, que fixo informes positivos.

■ ¿Cre que o novo Goberno do PSOE solucionará a discriminación de Galiza no reparto da cota láctea no Estado?

Eu penso que a nosa discriminación vai seguir máis ou menos igual. Hai pouco veu o Secretario de Estado para a Agricultura, Fernando Moraleda, a dar unha charla a Baías. Dixo que se ía repartir cota e tivo moi boas palabras, pero non falou para nada do problema dos prezos.

O PSOE non se quere meter coas industrias, polo que a situación do sector, a nivel estatal, vai seguir máis ou menos coma co PP. E non esquecemos que a miserable cota láctea que nos impuxeron e que tronzou ao sector lácteo galego veu cun Goberno socialista.

“O medio rural da costa ten tantos problemas coma o do interior”

■ Normalmente, a xente non relaciona a costa co agro. ¿Teñen algunha peculiaridade a agricultura e a gandería na Costa da Morte?

Unha das particularidades desta zona é que, nunha mesma familia, compaxínase de cotío as actividades agropecuarias con outras relacionadas co mar, como a pesca ou o marisqueo, o cal é outra fonte de ingresos e permite que un dos membros da familia poida cotizar á Seguridade Social como traballador do mar.

■ ¿Por aquí sofren os mesmos problemas de desertización e envellecemento que no interior?

Xente nova aquí non hai. Moitas casas fican abandonadas e mércanas turistas madrileños para vir pasar o verán. Na nosa parroquia había seis gandeiros e agora só quedan dous, e un xa está xubilado. Alomenos, por esta zona teñen a conciencia de non reforestar as fincas, e só plantan árbores no monte; pero noutras aldeas estanse reforestando as leiras e os prados

porque non hai ninguén que quede para continuar coas explotacións. En resume, temos tantos problemas coma no medio rural do interior, coa diferenza de que as casas abandonadas teñen máis probabilidades de ser vendidas por mor do turismo. Un panorama moi triste, como se pode ver.

■ Vostede vive moi preto da coñecida como zona cero na catástrofe do Prestige. ¿Influíu o naufraxio na agricultura ou na gandería da zona? ¿De que xeito?

Sempre afecta. Neste caso, os principais prexuízos sufríronos os produtores de carne. A xente, se ten problemas non merca. Por iso, nun primeiro intre, antes de que se comezasen a repartir as axudas aos afectados pola marea negra, houbo un parón no consumo de produtos agrarios, principalmente carne de vacún, ovos e hortalizas. De todos xeitos, este impacto sobre a agricultura e a gandería minimizouse por ser o desastre do Prestige en inverno, cando os ingresos máis pequenos e o consumo menor polos amarres constantes da flota.